



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DE SERVICIOS CULTURAIS ESPECIAIS

ARTIGO 1.- CONCEPTO

Consideraranse servicios abranguidos no ámbito de aplicación desta ordenanza, a prestación dos seguintes servicios culturais, de competencia municipal, a instancia de parte:

- A asistencia a espectáculos en instalacións municipais.
- A participación en talleres, cursiños, ensinanzas ou obradoiros culturais.
- A asistencia ós campamentos, colonias, ou intercambios.
- Calquera outras actividades culturais especiais que esixan unha prestación de servicios culturais e para as que non se estipule a gratuidade.

Para estes efectos, entenderanse prestados a instancia de parte os anteditos servicios cando estes fosen demandados pola poboación ou redunden no seu beneficio, aínda que non mediase solicitude expresa.

ARTIGO 2.- OBRIGADOS O PAGAMENTO

Están obrigados ó pagamento destes prezos públicos os alumnos que se matriculen nos cursos, de non teren maioría de idade ou non estaren emancipados serán contribuíntes os seus pais, titores ou representantes legais.

ARTIGO 3.- CONTÍA

As tarifas determinaranse mediante aprobación en cada caso pola Comisión de Goberno, aplicándose como máximo as que resulten de cubri-lo custo da actividade ou programa, que se xustificarán diante da Intervención.

ARTIGO 4.- OBRIGA DE PAGAMENTO

1. A obriga de pagamento dos prezos públicos regulados nesta Ordenanza nace coa formalización das correspondentes matriculas para o curso ou actividade da que se trate.
2. A matrícula e os restantes dereitos de inscrición aboaranse dunha soa vez ó realiza-la mesma. As mensualidades deberán satisfacerse nos 10 primeiros días de cada mes.

Os interesados deberán recibir xustificantes de pagamento.

3. A renuncia á participación, unha vez iniciada a prestación do servicio, non dará lugar a devolución ningunha.

ARTIGO 5.- NORMAS DE PROCEDIMENTO

1. O servicio que acordase a realización das actividades deberá xustificar diante da Intervención o seu custo total e estimación de asistentes.
2. Realizará proposta á Comisión de Goberno para determina-la tarifa de conformidade co artigo 3 deste texto.
3. Unha vez prestado o servicio, polo responsable da dependencia correspondente darase conta do cumprimento, duración e contido do mesmo, practicándose, no seu caso, a liquidación que corresponda. Nun prazo de 15 días dende a prestación do servicio remitirase a Intervención municipal o importe resultante da devandita prestación, xunto coa conta xustificativa correspondente (cotas, entradas, etc).



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

DISPOSICIÓN FINAL

Esta Ordenanza entrará en vigor unha vez sexa publicado o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia, e unha vez transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/85, de 2 de abril.